

ENGANOS

En *Moda galega*, María Reimóndez reflexiona sobre a importancia da moda como medio de recoñecemento e integración social. Nun longo paseo polas tendas de Vigo (nas series “As rúas I e II”) e artellado nas dúas coleccións esenciais: primavera-verán e outono-inverno, o libro desvela claramente as estratexias de poder que se nos impoñen a través da roupa, elemento de uniformización. Non caben aquí as disidencias, nin os corpos distintos, nin os gustos “anómalos” pois á fin, o que se nos ofrece sempre son prendas *“para mulleres que se axustan/ a unha imaxe así, / de anuncios en branco e negro,/ de noites de romance/ e praias areosas en inverno/ que logo ningunha de nós vive”*.

Tempos Novos, 74, xullo 2003, p. 82